



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	1º-trimestre-2025	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	2º-semester-2024	Taxa subministro auga e Canon Auga Xunta de Galicia
O INCIO	1º-trimestre-2025	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
O PÁRAMO	1º-trimestre-2025	Taxa subministro auga e Canon Auga Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	1º-trimestre-2025	Taxa de recollida de lixo
O PÁRAMO	1º-trimestre-2025	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
POL	1º-trimestre-2025	Taxa pola de recollida de residuos sólidos urbanos

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 14 de abril de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, Mª del Carmen López Moreno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 30 de abril ata 30 de xuño de 2025, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	1º-trimestre-2025	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia

NAVIA DE SUARNA	2º-semester-2024	Taxa subministro auga e Canon Auga Xunta de Galicia
O INCIO	1º-trimestre-2025	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
O PÁRAMO	1º-trimestre-2025	Taxa subministro auga e Canon Auga Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	1º-trimestre-2025	Taxa de recollida de lixo
O PÁRAMO	1º-trimestre-2025	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
POL	1º-trimestre-2025	Taxa pola de recollida de residuos sólidos urbanos

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., e Caixa Rural Galega S.C.C.L.G en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación

Lugo, 14 de abril de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M^a del Carmen López Moreno.

R. 1046

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2025/CON_02/000045.- POL.- CASTROVERDE.- CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 “CINTURÓN COMARCAL”, P.K. 106+500 A 107+887.

2025/CON_02/000047.- PEDRAFITA DO CEBREIRO.- ACONDICIONAMENTO DA LU-P-1301 “SEOANE DO COUREL (LU-651) – HOSPITAL (LU-633) E RAMAIS A PIÑEIRA E LOUSADA – VILELA” P.K. 6+868 A 7+350

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 25 de abril de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1120

SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excm. Deputación Provincial de Lugo, de data 26 de marzo de 2025, sobre nomeamento persoal eventual, que textualmente di o seguinte:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que no Pleno desta Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 12 de xullo de 2023, aprobouse o Cadro de Persoal Eventual da Entidade; conforme ao disposto polos artigos 104 da lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 30 do R.D. 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como polo art. 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Á vista da proposta que consta no expediente, propónse á Presidencia da Deputación que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las bases de Réxime Local, Resolva:

1º.- Nomear con carácter de persoal eventual, coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, con efectividade do día 1 de abril de 2025 a Dona Raquel Toyos Fontán como Asesora Nivel II, adscrita á Presidencia.

2º.- O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso, cando se produza o cese ou expire o mandato da autoridade á que presten as súas funcións de confianza ou asesoramento.

3º.- O presente nomeamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia, ao abeiro do estipulado no artigo 104.3 da LRBRL.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, tres de abril de dous mil vinte e cinco.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1134

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excm. Deputación Provincial de Lugo, de data 2 de abril de 2025, sobre nomeamento de membro da Xunta de Goberno, que textualmente di o seguinte:

“De conformidade co sinalado nos arts. 61.2, 72 e 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; e en virtude das facultades que me confire o art. 58 do Regulamento Orgánico da Corporación, en relación co 35.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e art. 104.4 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, **RESOLVO:**

Nomear membro da Xunta de Goberno desta Deputación á deputada provincial dona Iria Castro Fernández, do Grupo Provincial do BNG, en substitución do deputado provincial don Daniel García Fernández.

O Presidente poderá delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta, de conformidade co disposto no art. 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; art. 63.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 59 do Regulamento Orgánico da Corporación.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, tres de abril de dous mil vinte e cinco.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1135

CONCELLOS
PEDRAFITA DO CEBREIRO
Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 4/2025 mediante créditos extraordinarios 1/CE/2025

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións expediente de modificación de crédito número 4/2025, dentro do orzamento municipal do exercicio 2025, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 22 de marzo ó 14 de abril de 2025, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 66 de data 21 de marzo de 2025, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

DENOMINACIÓN	PARTIDA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO	TOTAL PARTIDA
Pago a Deputación da Liquidación do ano 2023 CAM Pedrafita do Cebreiro	231.461	0,00	56.497,44	56.497,44

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrucción de contabilidade:

CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS(RTGX)	IMPORTE €
Remanente Inicial:	1.371.351,84
Remanente Utilizado:	0,00
Remanente Líquido de Tesourería Disponible:	1.371.351,84
Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación:	56.497,44
Resto de Remanente de Tesourería Disponible:	1.314.854,40

Coa modificación antedita, o resumo por capítulos do orzamento en vigor quedaría como segue:

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1	158.482,10		158.482,10
2	0,00		0,00
3	99.278,18		99.278,18
4	774.309,39		774.309,39
5	18.296,40		18.296,40
6	0,00		0,00
7	333.719,50		333.719,50
8	625.907,60	56.497,44	682.405,04
9	0,00		0,00

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	ANTERIOR	MODIFICACIÓN	TOTAL
1	1.119.539,51		1.119.539,51
2	348.531,92		348.531,92
3	400,00		400,00
4	12.500,00	56.497,44	68.997,44
5	0,00		0,00
6	529.021,74		529.021,74
7	0,00		0,00
8	0,00		0,00
9	0,00		0,00

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 24 de abril de 2025.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1121

RIBADEO*Anuncio*

Resolución de Alcaldía núm. 2025-0435 de data 03/04/2025 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, noméase persoal para cubrir as prazas de Técnico de Xestión da Escala de Administración Xeral desta entidade, postos números 0009 e 0010 da actual RPT municipal.

Identidade	DNI
María GARCIA GÓMEZ	**0727**
Rosalía SUÁREZ SANCHEZ	**7364**

Características da praza:

Servizo/Dependencia	Secretaría Xeral da Corporación
Ide. Posto	0009 e 0010
Denominación do posto	Técnico de Xestión Ad.Xeral.
Natureza	Funcionario carreira
Nomeamento	03/04/2025
Escala	Administración Xeral
Subescala	Xestión
Clase/Especialidade	Técnico
Grupo/Subgrupo	A/A2

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo

e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 24 de abril de 2025.- O ALCALDE, Daniel Vega Pérez.

R. 1122

O VALADOURO

Anuncio

PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DO VALADOURO AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 – PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO

1. INTRODUCCIÓN:

O Servizo municipal de Vías e Obras é un servizo de prestación obrigatoria en tódolos municipios en virtude do establecido no artigo 26.1.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local. Por tanto, dito servizo municipal ten carácter de prioritario e esencial, realizando entre outras as seguintes funcións: reparación e execución de infraestruturas viarias (rúas, estradas locais, camiños rurais) e obras públicas (edificios municipais, alcantarillado, iluminación,.)

Ao non dispor este concello de suficientes operarios para a realización dos citados traballos, será preciso o nomeamento nomeamento por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia de 5 funcionarios interinos que leven a cabo o desenvolvemento deste programa de carácter temporal segundo o estipulado no artigo 10.1c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2. OBXECTO DO PROGRAMA:

O obxecto do presente programa, denominado “Programa de carácter temporal do Servizo de Vías e Obras do Concello do Valadouro ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 – Programa de Reforzo do Emprego” é o nomeamento de 5 funcionarios interinos para os postos de 1 operario condutor de camión e 4 peóns para o Servizo de Vías e Obras do Concello do Valadouro.

Os custos salariais destes 5 funcionarios interinos serán con cargo á axuda concedida a través do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025- Programa Reforzo do Emprego, cuxas bases foron publicadas no BOP 004 o martes 7 de xaneiro de 2025.

3. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Actualmente este concello conta na súa plantilla de persoal constan prazas de 3 operarios, dos cales ningún desempeña as funcións específicas de operario condutor de camión nin peón para o Servizo de Vías e Obras, véndose na necesidade de contratar traballadores ou nomear funcionarios interinos para levar a cabo as tarefas de mantemento de Vías e Obras do Concello do Valadouro.

Sendo estas tarefas básicas para garantir a seguridade, salubridade e benestar da veciñanza e non dispoñendo de persoal propio da entidade para realizalas, respondendo a unha necesidade de persoal urxente e inaprazable, será preciso nomear 5 funcionarios interinos para levar a cabo as citadas tarefas permitindo asegurar o funcionamento regular das competencias da propia entidade.

As bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, establecen que será imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

4. DURACIÓN

A duración do presente programa esténdese por **once meses**, que se levará a acabo en dúas fases:

- A primeira de **nove meses** dende o nomeamento como funcionarios interinos de:
1 operario condutor de camión e 3 peóns para o servizo de mantemento de vías e obras.
- A segunda fase dará comezo aproximadamente dous meses despois do inicio da primeira fase, tendo unha duración de **nove meses**, co nomeamento como funcionario interino de:
1 peón para o servizo de mantemento de vías e obras.

En todo caso a finalización do Programa de Carácter Temporal do Servizo de Vías e Obras non poderá ser posterior ao 31 de outubro de 2026, por estar financiados os custos salariais ao abeiro do Plan Deputación

de Cooperación cos Concellos 2025 – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO, publicado no BOP. 004 O martes 7 de xaneiro de 2025.

5. PREVISIÓN DE EFECTIVOS

Para a execución do presente programa será preciso o nomeamento de 5 funcionarios interinos, 1 operario condutor de camiión e 4 peóns para o Servizo de Vías e Obras, que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

No caso do operario condutor de camiión, ademáis deberá de contar con:

- Permiso de conducir clase C

No caso dos 4 peóns, ademáis deberán de contar con:

- Permiso de conducir clase B

6. FUNCIONES

Os funcionarios interinos nomeados para a execución deste programa desenvolverán as seguintes funcións:

4 Peóns servizo de Vías e Obras:

- Reparación de pavimentos.
- Colocar valos de seguridade e rodapés.
- Cargar e descargar materiais de construción e equipos.
- Construción de vados para o paso de peóns.
- Traballos de reparación e mantemento de beirarúas.
- Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.

1 Operario condutor de camiión servizo de Vías e Obras:

- Condución de camiión.
- Condución de maquinaria.
- Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.

Respecto á xornada laboral e horario de traballo dos funcionarios interinos que sexan nomeados ao abeiro do presente programa, adecuarase á xornada ordinaria do Concello de O Valadouro, podendo sufrir cambios por necesidades do servizo.

7. ÓRGANO RESPONSABLE

O órgano responsable da execución deste programa será a Alcaldía.

8. CESE

Os funcionarios interinos nomeados ao abeiro deste programa cesarán aos nove meses do seu nomeamento e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2026.

O Valadouro, 23 de abril de 2025.- O Alcalde – Presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 1123

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DE UNHA LISTAXE DE EMPREGO DE FUNCIONARIOS INTERINOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL (1 OPERARIO CONDUTOR DE CAMIÓN PARA O SERVIZO VÍAS E OBRAS AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025- PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO)

PRIMEIRA.— OBXECTO E NORMAS DE APLICACIÓN

É obxecto desta convocatoria establecer o procedemento de selección para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal para prestar servizos como persoal funcionario interino (1 OPERARIO CONDUTOR DE CAMIÓN PARA O SERVIZO VÍAS E OBRAS- PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO) no Concello de O Valadouro atopándose incluído no artigo 10.c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro,

As probas selectivas para o acceso á praza convocada seralle de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

- Denominación: operario-condutor de camión.
- Xustificación do nomeamento: Artigo 10.c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro: A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenrolo de este Estatuto. A duración deste Programa de Carácter Temporal terá unha duración de **nove meses** dende o nomeamento do operario condutor de camión do Servizo de Vías e Obras.
- Servizo para o que sea necesario o nomeamento e coas funcións propias en cada caso.
- As tarefas do operario condutor de camión do servizo de Vías e Obras:
 - Conducción de maquinaria.
 - Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.
- Retribucións: As retribucións que correspondan segundo o nomeamento.

TERCEIRA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Tódolos requisitos así como os méritos alegados para o concurso, deberán reunirse á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2. Con carácter xeral os aspirantes, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias, deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con

diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

3. Serán requisitos específicos:

- permiso de conducir clase C.
- **será imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.**

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **tres (3) días HÁBILES** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os candidatos deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia cotexada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Copia cotexada do permiso de conducir esixido.
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.
- Celga 2 ou deberán superar un exame de galego coa cualificación de APTO.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

QUINTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterà:

- A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizará a proba práctica, valoración de méritos e, de ser o caso, proba de galego.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica.

2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

5. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados como funcionarios interinos, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 9ª.

SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o aceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

- Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.
- Secretario: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.
- Vogal: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

SÉTIMA.—PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de selección: Concurso- oposición

FASE DE CONCURSO: O Tribunal terá en conta os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

1. Estar en posesión do Certificado de Aptitud Profesional (CAP) **(0,50 puntos)** Acreditarase mediante Tarxeta de cualificación do condutor.
2. Cursos e outras actividades de formación relacionados coas funcións do postos **(máximo 1,50 puntos)** Acreditarase mediante copia do Título, Diploma ou certificación
 - Cursos de duración igual ou inferior a 10 horas ou duración non acreditada: 0,05 puntos por cada un.
 - Cursos de máis de 10 horas e ata 25 horas: 0,10 puntos por cada un.
 - Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,15 puntos por cada un.
 - Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,20 puntos por cada un.
 - Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,25 punto por cada un.
 - Cursos de mais de 150 e ata 200 horas: 0,30 puntos por cada un.
 - Por cada curso de mais de 200 horas: 0,35 puntos.
3. Experiencia profesional **(máximo 6,00 puntos)** Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa ou entidade pública en que consten as tarefas realizadas e a duración. Únicamente se puntuarán os servizos prestados en postos de operario condutor relacionados con vías e obras, espazos públicos e demais servizos públicos ou contratos privados nos que se recolla especificamente que as funcións realizadas son de operario condutor. Non se terá en conta os servizos prestados como peón condutor nas brigadas de incendios.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade pública.....0,40 Puntos.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha empresa privada.....0,20 Puntos.

FASE DE OPOSICIÓN: (Máximo 12,00 Puntos)

PRIMEIRO EXERCICIO: consistirá en contestar por escrito un tipo test de 15 preguntas con tres respostas alternativas e dúas preguntas de reserva, sobre o temario que se recolle no anexo I. O tempo para a realización desta proba será de 20 minutos.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo establecer criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo. Este exercicio puntuarase ata un máximo de 6 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO: consistirá en unha ou varias probas prácticas sobre as funcións a realizar.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo establecer criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo. Este exercicio puntuarase ata un máximo de 6 puntos.

OITAVA.- RELACIÓN DE APROBADOS E ACREDITACIÓN DE REQUISITOS ESIXIDOS

Unha vez terminada a avaliación dos aspirantes e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Edictos do mesmo.

Posteriormente, vistas e informadas as alegacións que no seu caso se presentaron, elevarase á Alcaldía a acta do proceso selectivo para que se aprobe a constitución da bolsa coa orde de prelación definitivo de aspirantes, que deberá publicar na sede electrónica do Concello.

O aspirante proposto, cando sexa requirido para o seu nomeamento, achegará ante a Administración as condicións de capacidade que lle sexan requiridas.

Quen, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou da mesma deducíse que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

A propostas de nomeamento será adoptadas polo órgano competente a favor do aspirante segundo a orde de prelación da relación de persoas aprobadas. Se a/o aspirante ao que lle correspondese o nomeamento non

fose nomeado/a, ben por desistimento ou por non reunir os requisitos esixidos, convocarase á seguinte candidata/o que superase o proceso de selección.

Así mesmo, informarase aos aspirantes achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Os nomeamentos derivados deste proceso de selección en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de funcionario de carreira.

NOVENA. ELABORACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO PARA O PROGRAMA ESPECÍFICO DE REFORZO DE EMPREGO 2025 – 1 OPERARIO CONDUTOR DE CAMIÓN PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS.

Coa lista complementaria de reserva constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que a praza convocada ao abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida unicamente a praza desta convocatoria).

DÉCIMA.—NOMEAMENTO.

Unha vez aceptado o chamamento, o Presidente da Corporación, fará o nomeamento a favor das persoas integrantes da listaxe de emprego por orde do posto que ocupen na mesma e con indicación expresa do programa de carácter temporal que xustifique o seu nomeamento.

Asimesmo, na acta de toma de posesión indicarase a duración do programa de carácter temporal (nove meses).

UNDÉCIMA.- TOMA DE POSESIÓN.

A toma de posesión do funcionario interino terá lugar dentro do prazo de dous días hábiles, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non tome posesión sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Mentres non se realice a toma de posesión e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa nomeada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou mesmo fraccionado a xornada se fose preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.

DUODÉCIMA.- FINALIZACIÓN DA RELACIÓN DE INTERINIDADE.

A Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade por calquera das seguintes causas, ademais de polas previstas no artigo 63 do texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sen dereito a compensación algunha:

- a) Pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento.
- b) Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.

DÉCIMO TERCEIRA.- INCOMPATIBILIDADES

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DÉCIMO CUARTA.—NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I

1.A Constitución Española de 1978: estrutura, principios fundamentais e dereitos e deberes fundamentais.

2.Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia: principios fundamentais.

3.O municipio: organización e competencias municipais.

4.Prevenición de Riscos Laborais: normativa básica.

5.Ferramentas e maquinaria básica de obras públicas.

6.Conservación e mantemento de calzadas, beirarúas, camiños rurais, Pontes, muros,...

7.Señalización vial e normas básicas de circulación en zonas de obra.

8. Normativa de tráfico e circulación: Regulación de vehículos pesados, sinais específicas, límites de velocidade.

9. Mantemento básico de vehículos, documentación dos vehículo. Operacións de carga e descarga: normas de seguridade, uso de grúas e outros dispositivos auxiliares.

10. Interpretación de planos: lectura básica de planos e croquis de obra.

O Valadouro, 24 de abril de 2025.- O Alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

ANEXO II

SOLICITUDE DO INTERESADO

(BOLSA DE TRABALLO FUNCIONARIO INTERINO PARA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL – REFORZO DO EMPREGO 2025- 1 OPERARIO CONDUTOR DE CAMIÓN PARA O SERVIZO VÍAS E OBRAS)

DATOS DO INTERESADO		
NOME E APELIDOS		NIF
DATOS DE NOTIFICACIÓN		
NOTIFICACIÓN ELÉCTRÓNICA		
NOTIFICACIÓN POSTAL		
DIRECCIÓN		
CÓDIGO POSTAL	MUNICIPIO	PROVINCIA
TELÉFONO	MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
EXPÓN Que, tendo coñecemento do procedemento convocado para a constitución dunha bolsa de emprego, conforme ás bases publicadas para a creación dunha listaxe de emprego temporal de funcionarios interinos como operario condutor de camión. DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE • Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. • Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. • Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. • Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. • Acreditación do nivel de idioma galego Celga 2: ☐ SI ☐ NON • Reunir todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, referidos á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes.		

Relación de méritos alegados (IMPRESINDIBLE ACHEGAR COPIA E ORIXINAL) xunto co presente anexo.

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

Por todo o cal, SOLICITO que, de conformidade co disposto nos artigos 55 e 56 do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, se admita esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

Protección de Datos:

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámolo de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de O Valadouro con dirección en C/ Feira Nova, 1, CP 27770, O Valadouro. (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a xestión do expediente administrativo solicitado por vostede a través do presente formulario. La lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o cumprimento dunha obriga legal. Os datos persoais cederanse cando exista una obrigación legal para cedelos. Vostede ten dereito a acceder, rectificar o suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita en la dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://valadouro.sedelectronica.es/info.0>

Máis información: www.valadouro.gal

En O Valadouro a _____ de _____ 2025

Asdo: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VALADOURO

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DE UNHA LISTAXE DE EMPREGO DE FUNCIONARIOS INTERINOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL (4 PEÓNS SERVIZO VÍAS E OBRAS AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO)

PRIMEIRA.— OBXECTO E NORMAS DE APLICACIÓN

É obxecto desta convocatoria establecer o procedemento de selección para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal para prestar servizos como persoal funcionario interino (4 PEÓNS SERVIZO VÍAS E OBRAS-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO) no Concello de O Valadouro atopándose incluído no artigo 10.c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro,

As probas selectivas para o acceso ás convocadas seralles de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

- Denominación: 4 peóns servizo de Vías e Obras.
- Xustificación do nomeamento: Artigo 10.c) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro: A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenrolo de este Estatuto. A duración deste Programa de Carácter Temporal terá unha duración aproximada de **once meses** dende o nomeamento dos primeiros peóns do Servizo de Vías e Obras. Sendo o nomeamento de cada un dos traballadores por un período de **nove meses**.
- As tarefas dos 4 peóns servizo de Vías e Obras:
 - Reparación de pavimentos.
 - Colocar valos de seguridade e rodapés.
 - Cargar e descargar materiais de construción e equipos.
 - Construción de vados para o paso de peóns.
 - Traballos de reparación e mantemento de beirarúas.
 - Calquera outra función relacionada co seu posto de traballo que lle encomende o seu superior xerárquico.
- Retribucións: As retribucións que correspondan segundo a lexislación vixente.

TERCEIRA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Tódolos requisitos así como os méritos alegados para o concurso deberán reunirse á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2. Con carácter xeral os aspirantes, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias, deberán reunilos seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con

diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

3. Será requisito específico:

- **permiso de conducir clase B.**
- **será imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no Concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.**

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **tres (3) días HÁBILES** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia cotexada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- Copia cotexada do permiso de conducir esixido.
- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.
- Celga 2 ou deberán superar un exame de galego coa cualificación de APTO.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

QUINTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterà:

- A lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizará a proba práctica, valoración de méritos e, de ser o caso, proba de galego.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica.

2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

5. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados como funcionarios interinos, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 9ª.

SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

- Presidente: Un funcionario de carreira. Con voz e voto.
- Secretario: Un funcionario de carreira. Con voz e voto.
- Vogal: Un funcionario de carreira. Con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

SÉTIMA.—PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de selección: Concurso- oposición

FASE DE CONCURSO: O Tribunal terá en conta os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

1. Cursos e outras actividades de formación relacionados coas funcións do postos (**máximo 2,00 puntos**)
Acreditarase mediante copia do Título, Diploma ou certificación.
 - Cursos de duración igual ou inferior a 10 horas ou duración non acreditada: 0,05 puntos por cada un.
 - Cursos de máis de 10 horas e ata 25 horas: 0,10 puntos por cada un.
 - Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,15 puntos por cada un.
 - Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,20 puntos por cada un.
 - Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,25 punto por cada un.
 - Cursos de mais de 150 e ata 200 horas: 0,30 puntos por cada un.
 - Por cada curso de mais de 200 horas: 0,35 puntos.
2. Experiencia profesional (**máximo 6,00 puntos**) Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa ou entidade en que consten as tarefas realizadas e a duración. Únicamente se puntuarán os servizos prestados en postos de peón relacionados con vías e obras, espazos públicos e demais servizos públicos ou contratos privados nos que se recolla especificamente que as funcións realizadas son de peón.
3.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade pública.....0,40 Puntos.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha empresa privada.....0,20 Puntos.

FASE DE OPOSICIÓN: (Máximo 12,00 Puntos)

PRIMEIRO EXERCICIO: consistirá en contestar por escrito un tipo test de 15 preguntas con tres respostas alternativas e dúas preguntas de reserva, sobre o temario que se recolle no anexo I. O tempo para a realización desta proba será de 20 minutos.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo establecer criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo. Este exercicio puntuarase ata un máximo de 6 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO: consistirá en unha ou varias probas prácticas sobre as funcións a realizar.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo establecer criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo. Este exercicio puntuarase ata un máximo de 6 puntos.

OITAVA.- RELACIÓN DE APROBADOS E ACREDITACIÓN DE REQUISITOS ESIXIDOS

Unha vez terminada a avaliación dos aspirantes e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Edictos do mesmo.

Posteriormente, vistas e informadas as alegacións que no seu caso se presentaron, elevarase á Alcaldía a acta do proceso selectivo para que se aprobe a constitución da bolsa coa orde de prelación definitivo de aspirantes, que deberá publicar na sede electrónica do Concello.

Ao constar de dúas fases diferenciadas o Programa de Carácter Temporal polo que se elaboran estas bases, cada un dos nomeamentos levaranse a cabo por unha duración de 9 meses, facendo o chamamento en primeiro lugar aos tres aspirantes que obtivera unha maior puntuación e encabecen a bolsa aprobada pola Alcaldía, e facendo un segundo chamamento ao aspirante que apareza en cuarto lugar aproximadamente aos dous meses dende os primeiros tres chamamentos.

Os aspirantes propostos, cando sexan requiridos para o seu nomeamento, achegarán ante a Administración as condicións de capacidade que lle sexan requiridos.

Quen, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase n documentación ou da mesma deducíse que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

As propostas de nomeamento serán adoptadas polo órgano competente a favor dos aspirantes segundo a orde de prelación da relación de persoas aprobadas. Se o aspirante ao que lle correspondese o nomeamento non fose nomeado, ben por desistencia ou por non reunir os requisitos esixidos, convocarase ao seguinte candidato que superase o proceso de selección.

Así mesmo, informarase aos aspirantes acerca do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Os nomeamentos derivados deste proceso de selección en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de funcionario de carreira.

NOVENA. ELABORACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO PARA O PROGRAMA ESPECÍFICO DE REFORZO DE EMPREGO 2025 – 4 PEÓNS SERVIZO DE VÍAS E OBRAS.

Coa lista complementaria de reserva constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que as prazas convocadas ao abeiro desta convocatoria quedasen definitivamente vacantes por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida únicamente as prazas desta convocatoria).

DÉCIMA.—NOMEAMENTO.

Unha vez aceptado o chamamento, o Presidente da Corporación, fará o nomeamento a favor das persoas integrantes da listaxe de emprego por orde do posto que ocupen na mesma e con indicación expresa do programa de carácter temporal que xustifique o seu nomeamento.

Asimesmo, na acta de toma de posesión indicarase a duración do programa de carácter temporal (nove meses).

UNDÉCIMA.- TOMA DE POSESIÓN.

A toma de posesión dos funcionarios interinos terá lugar dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde a data de publicación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non tome posesión sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Mentres non se realice a toma de posesión e non se incorporen ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa nomeada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou mesmo fraccionado a xornada se fose preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.

DUODÉCIMA.- FINALIZACIÓN DA RELACIÓN DE INTERINIDADE.

A Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade por calquera das seguintes causas, ademais de polas previstas no artigo 63 do texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sen dereito a compensación algunha:

- a) Pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento.
- b) Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.

DÉCIMO TERCEIRA.- INCOMPATIBILIDADES

O aspirante proposto quedará suxeito, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DÉCIMO CUARTA.—NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I

1.A Constitución Española de 1978: estrutura, principios fundamentais e dereitos e deberes fundamentais.

2.Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia: principios fundamentais.

3.O municipio: organización e competencias municipais.

4.Prevenção de Riscos Laborais: normativa básica.

5.Ferramentas e maquinaria básica de obras públicas.

6.Conservación e mantemento de calzadas, beirarúas, camiños rurais, Pontes, muros,...

7.Señalización vial e normas básicas de circulación en zonas de obra.

8.Interpretación básica de planos e croquis de obra.

9.Uso e mantemento básico de equipos de protección individual (EPI).

10.Manexo básico de maquinaria de obra.

O Valadouro, 23 de abril de 2025.- O Alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

ANEXO II

SOLICITUDE DO INTERESADO

(BOLSA DE TRABALLO FUNCIONARIO INTERINO PARA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL – REFORZO DO EMPREGO 2025- 4 PEÓNS SERVIZO VÍAS E OBRAS)

DATOS DO INTERESADO		
NOME E APELIDOS		NIF
DATOS DE NOTIFICACIÓN		
NOTIFICACIÓN ELÉCTRÓNICA		
NOTIFICACIÓN POSTAL		
DIRECCIÓN		
CÓDIGO POSTAL	MUNICIPIO	PROVINCIA
TELÉFONO	MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
EXPÓN Que, tendo coñecemento do procedemento convocado para a constitución dunha bolsa de emprego, conforme ás bases publicadas para a creación dunha listaxe de emprego temporal de funcionarios interinos para a execución do programa (4 PEÓNS SERVIZO VÍAS E OBRAS AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO), DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE • Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. • Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. • Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. • Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. • Acreditación do nivel de idioma galego Celga 2: ☐ SI ☐ NON • Reunir todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, referidos á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes, e mantelos ata o seu nomeamento.		

Relación de méritos alegados (IMPRESINDIBLE ACHEGAR COPIA E ORIXINAL) xunto co presente anexo.

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

Por todo o cal, SOLICITO que, de conformidade co disposto nos artigos 55 e 56 do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, se admita esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

Protección de Datos:

En cumprimento do establecido polo artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018 informáse que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de O Valadouro. Os seus datos serán tratados coa finalidade de xestionar a súa solicitude. Pode exercer o seu dereito de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade ou limitación do tratamento dirixíndose ao Concello de O Valadouro no seguinte enderezo postal: Rúa Feira Nova, 1. 27770 O Valadouro. Lugo.

Máis información: www.valadouro.gal

En O Valadouro a de 2025

Asdo: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO

VIVEIRO

Anuncio

D^a. MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 23 de decembro de 2024 Núm. 295, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 18 de decembro de 2024, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do luns, 30 de decembro de 2024, DOG Núm. 250, publícase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2022).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 07 de xaneiro de 2025, Núm. 6, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) funcionario de carreira na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 15 de marzo de 2025, así como a corrección de erros do nomeamento do Tribunal publicada no taboleiro de edictos dixital.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía do nomeamento dun membro colaborado do Tribunal publicada no taboleiro de edictos dixital en data 03 de abril de 2025.

Vistos os resultados publicados ao respecto da realización do primeiro, segundo e terceiro exercicio.

Tendo en conta que os aspirantes que superaron estas probas constan exentos do cuarto exercicio (proba de galego), por presentar debidamente o celga 4 requerido nas bases xerais.

Vista a base xeral 12, que sinala: "(...)12.- **PROPOSTA DE SELECCIÓN.**

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicárase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica. A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de aprobados, na que constará o/a aspirante seleccionado/a, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Esta relación definitiva de aprobados conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados que superaron o proceso selectivo e non resultaron seleccionados, co fin de poder tomarse en consideración para o suposto de que o/a seleccionado/a non presente ou acredite no prazo establecido de conformidade co disposto na base 13 a documentación previa ao nomeamento, renuncie á praza ou non tome posesión no prazo establecido; podendo neste caso formular proposta ao respecto do seguinte aspirante que conste por orde de puntuación e así sucesivamente. Non se conformará lista de emprego ao contar xa o Concello con lista de emprego para prazas de administrativo/a derivada dos recentes procesos de estabilización tramitados conforme á Lei 20/2021...

Tendo en conta a cualificación final e proposta de selección formulada polo Tribunal de data 24 de abril de 2025, na que literalmente di:

"CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN FORMULADA DO TRIBUNAL.

RESULTADO DAS PROBAS SELECTIVAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DA PRAZA VACANTE CORRESPONDENTE AO POSTO DA RPT ADMINISTRATIVO (SX1.0/004) NA ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SISTEMA DE OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 23 de decembro de 2024 Núm. 295, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 18 de decembro de 2024, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do luns, 30 de decembro de 2024, DOG Núm. 250, publicase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2022).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 07 de xaneiro de 2025, Núm. 6, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) funcionario de carreira na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 15 de marzo de 2025, así como a corrección de erros do nomeamento do Tribunal publicada no taboleiro de edictos dixital.

Vistos os resultados publicados ao respecto da realización do primeiro, segundo e terceiro exercicio.

Tendo en conta que os aspirantes que superaron estas probas constan exentos do cuarto exercicio (proba de galego), por presentar debidamente o celga 4 requerido nas bases xerais.

Vista a base xeral 11, que sinala: "(...)11.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

No suposto de empate nas puntuacións finais de dous/dúas ou máis aspirantes do proceso selectivo, este resolverase acudindo a nota máis alta no primeiro exercicio da fase de oposición.

De manterse o empate, acudirse á maior puntuación no segundo exercicio.

De seguir manténdose o empate, acudirase á maior puntuación no terceiro exercicio.

Se aínda se mantivese o empate, procederase ao desempate mediante sorteo realizado polo Tribunal cuxa realización será comunicada aos aspirantes empatados ao obxecto de que poidan acudir á súa celebración..."

Vista a base xeral 12, que sinala: "(...)12.- PROPOSTA DE SELECCIÓN.

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica. A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de aprobados, na que constará o/a aspirante seleccionado/a, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Esta relación definitiva de aprobados conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados que superaron o proceso selectivo e non resultaron seleccionados, co fin de poder tomarse en consideración para o suposto de que o/a seleccionado/a non presente ou acredite no prazo establecido de conformidade co disposto na base 13 a documentación previa ao nomeamento, renuncie á praza ou non tome posesión no prazo establecido; podendo neste caso formular proposta ao respecto do seguinte aspirante que conste por orde de puntuación e así sucesivamente. **Non se conformará lista de emprego ao contar xa o Concello con lista de emprego para prazas de administrativo/a derivada dos recentes procesos de estabilización tramitados conforme á Lei 20/2021..."**

Visto o resultado de cualificación final e proposta do Tribunal cualificador.

O resultado das probas selectivas para o ingreso como persoal funcionario de carreira como administrativo/a (SX1.0/004 da RPT) polo sistema de oposición, acceso libre, das aspirantes que superaron cada unha das probas foi o seguinte, segundo consta nas publicacións realizadas:

1. CUALIFICACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO (Base 10)

O Tribunal acordou, conceder, por unanimidade, as seguintes puntuacións sobre un máximo de 10 puntos, sendo os/as aspirantes que superaron o primeiro exercicio os/as seguintes:

N.º DE CONTROL	PREGUNTAS BEN CONTESTADAS	PREGUNTAS MAL CONTESTADAS	BLANCO	PUNTUACIÓN
053	49	1	0	9,7
048	42	6	2	7,8
045	32	5	13	5,9
028	36	14	0	5,8

062	32	13	5	5,1
072	29	7	4	5,1
014	30	10	10	5

IDENTIFICACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES DO PRIMEIRO EXERCICIO.

Ao obxecto de continuar co procedemento selectivo, o Tribunal procedeu á apertura pública do sobre asinado que contiña as tarxetas nas que figuran os números de control e os datos identificadores das persoas aspirantes que participaron no proceso selectivo, co seguinte resultado ao respecto das aspirantes aprobadas:

N.º DE CONTROL	APELIDOS E NOME
014	ANTUÑA CARBALLES MARÍA ROSA
028	FUNGUEIRIÑO PAZOS JOSÉ LUIS
045	CABANA CASTRO VANESA
048	DIAZ TORRON CRISTINA
053	GONZÁLEZ FERNÁNDEZ NATALIA
062	RAMOS SIABA MARÍA MAGDALENA
072	TORRE MAHIA LIDIA

2. CUALIFICACIÓN SEGUNDO EXERCICIO (Base 10)

O Tribunal acordou, conceder, por unanimidade, as seguintes puntuacións sobre un máximo de 10 puntos, sendo os/as aspirantes que superaron o segundo exercicio os/as seguintes:

N.º DE CONTROL	PUNTUACIÓN
001	10,00
007	7,60
002	7,55
003	6,70
004	6,45

IDENTIFICACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES DO SEGUNDO EXERCICIO.

Ao obxecto de continuar co procedemento selectivo, o Tribunal procedeu á apertura pública do sobre asinado que contiña as tarxetas nas que figuran os números de control e os datos identificadores das persoas aspirantes que participaron no proceso selectivo, co seguinte resultado ao respecto das aspirantes aprobadas:

N.º DE CONTROL	APELIDOS E NOME
001	GONZÁLEZ FERNÁNDEZ NATALIA
002	RAMOS SIABA MARÍA MAGDALENA
003	DIAZ TORRON CRISTINA
004	ANTUÑA CARBALLES MARÍA ROSA
007	TORRE MAHIA LIDIA

3. CUALIFICACIÓN TERCEIRO EXERCICIO (Base 10)

N.º DE CONTROL	PUNTUACIÓN
003	10
002	9,05
001	8,375
004	7,95

IDENTIFICACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES DO TERCEIRO EXERCICIO.

Ao obxecto de continuar co procedemento selectivo, o Tribunal procedeu á apertura pública do sobre asinado que contiña as tarxetas nas que figuran os números de control e os datos identificadores das persoas aspirantes que participaron no proceso selectivo, co seguinte resultado ao respecto das aspirantes aprobadas:

N.º DE CONTROL	APELIDOS E NOME
001	GONZÁLEZ FERNÁNDEZ NATALIA
002	RAMOS SIABA MARÍA MAGDALENA
003	TORRE MAHIA LIDIA
004	DÍAZ TORRON CRISTINA

4. CUALIFICACIÓN FINAL (Base 11)

A cualificación final virá dada polo resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, quedando do seguinte xeito:

APELIDOS E NOME	GALEGO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	CUALIFICACIÓN FINAL
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ NATALIA	EXENTA	9,7	10	8,375	28,075
TORRE MAHIA LIDIA	EXENTA	5,1	7,6	10	22,700
DÍAZ TORRON CRISTINA	EXENTA	7,8	6,70	7,95	22,450
RAMOS SIABA MARÍA MAGDALENA	EXENTA	5,1	7,55	9,05	21,700

5. RELACIÓN DA PERSOA SELECCIONADA

GONZÁLEZ FERNANDEZ NATALIA

6. PROPOSTA DO TRIBUNAL (BASE 12)

Á vista das cualificacións outorgadas, o Tribunal de selección propón á Alcaldía o nomeamento como funcionario de carreira a Dona Natalia González Fernández, como administrativa correspondente ao posto de traballo SX1.0/004 da RPT vixente do Concello de Viveiro.

7. ORDE DE ASPIRANTES NON SELECCIONADOS, AOS EFECTOS DO DISPOSTO NA BASE 12:

APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
TORRE MAHIA LIDIA	22,700
DÍAZ TORRON CRISTINA	22,450
RAMOS SIABA MARÍA MAGDALENA	21,700

O Tribunal eleva esta proposta á Alcaldía, no seu caso, para a súa Resolución de aprobación e publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es, no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica...”

Vista a base xeral 13, que di:

“13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN POLO ASPIRANTE SELECCIONADO.

13.1.- Documentación que o/a aspirante seleccionado/a terá que acreditar documentalmente mediante copias cotexadas (segundo o artigo da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou, se é o caso, orixinais.

O/A aspirante seleccionado/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

a) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións a desempeñar.

b) Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

c) Copia cotexada ou copia auténtica do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente.

d) Copia cotexada ou copia auténtica da titulación académica esixida nas presentes bases ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados a que necesariamente acreditará o pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

e) Copia da tarxeta da Seguridade Social.

f) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.

Esta documentación tamén poderá presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Se a documentación se presentase nas oficinas de correos, deberá facerse de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postales.

13.2.- O prazo para presentar os documentos enumerados no párrafo anterior será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte a publicación da relación definitiva de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Esta relación definitiva de aprobados tamén será obxecto de publicación no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica, no taboleiro de anuncios e na páxina web.

13.3.- Se o/a aspirante, seleccionado/a, declarado aprobado na relación definitiva de aprobados, non presenta os documentos mencionados no punto 13.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsidade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.

Da mesma forma procederase en caso de renuncia do/da aspirante proposto/a.

Unha vez presentada a documentación referida neste punto procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento ao/a aspirante proposto/a, mediante Resolución de Alcaldía, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, debendo tomar posesión da praza e do posto no prazo de 15 días naturais a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia; de conformidade co disposto no artigo 114.12 en consonancia coa Disposición Transitoria 4ª do Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xusticia, función pública, réximen local e mecenazgo.

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o/a aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso...”

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base á proposta do Tribunal, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

SEGUNDO.- Aceptar a proposta do Tribunal a favor de **DNA. NATALIA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ**, como **aspirante seleccionada**, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT **“ADMINISTRATIVO/A” (SX1.0/004)** na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa.

De conformidade co disposto na base 13, a persoa seleccionada deberá presentar no prazo de 20 (vinte) días hábiles contados a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, a documentación establecida na base 13.1, que di:

"(...)13.1.- Documentación que o/a aspirante seleccionado/a terá que acreditar documentalmente mediante copias cotexadas (segundo o artigo da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou, se é o caso, orixinais.

O/A aspirante seleccionado/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

- a) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións a desempeñar.*
- b) Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*
- c) Copia cotexada ou copia auténtica do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente.*
- d) Copia cotexada ou copia auténtica da titulación académica esixida nas presentes bases ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados a que necesariamente acreditará o pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.*
- e) Copia da tarxeta da Seguridade Social.*
- f) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.*

Esta documentación tamén poderá presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Se a documentación se presentase nas oficinas de correos, deberá facerse de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postales..."

TERCEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal relativa á orde de aspirantes non seleccionados, aos efectos do disposto na base 12:

APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
TORRE MAHIA LIDIA	22,700
DÍAZ TORRON CRISTINA	22,450
RAMOS SIABA MARÍA MAGDALENA	21,700

CUARTO.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal.

Contra a presente resolución, por tratarse dun acto de trámite cualificado, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen perxuício de que poda exercer calquer outro recurso que estime pertinente.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 25 de abril de 2025.- A Alcaldesa, Dña. María Carmen Gueimunde González. Ante min, a Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, Dña. María Luz Balsa Rábade.

R. 1126